

POLÍTICA DE CALIDADE

Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. ten definida unha Política de Calidade segundo establece a norma UNE-EN ISO 9001.

A Política establece os seguintes principios de actuación:

Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. é a entidade xestora de Tecnópole, contorno especialmente acondicionado para acoller empresas cun marcado carácter innovador e de base tecnolóxica.

Os principios fundamentais nos que baseamos o noso labor son:

Ofrecer ás empresas instaladas no Parque asesoramento e servizos segundo as súas expectativas detectadas, a modo de satisfacer as súas necesidades e conseguir unha mellora continua na prestación do servizo.

Tramitar coa Administración Pública a documentación necesaria para a instalación de clientes, nas nosas dependencias e terreos, de maneira eficaz.

Conseguir un ambiente de traballo favorable para lograr a satisfacción do persoal, así como formar e motivar o persoal para o adecuado desenvolvemento do seu traballo e establecer as vías de comunicación necesarias para a súa participación e implicación coas tarefas da empresa.

Mellorar o sistema implantado de xestión por procesos no que a calidade dos nosos servizos é o resultado dun proceso de detección, planificación, prevención, corrección e mellora continua.

Cumprir todos os requisitos que nos son de aplicación, tanto legais como de calquera tipo.

Mediante estas actuacións, a Dirección de Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. pretende fomentar a I+D na rexión mediante a prestación de servizos de apoio ás empresas instaladas e actividades de transferencia de tecnoloxía.

Esta Política de Calidade está a disposición do público e proporciona o marco de referencia de actuación do Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

San Cibrao das Viñas, 01 de agosto de 2014


tecnópole
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

Ricardo Capilla Pueyo

Director xerente

Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.